

# Programa formativo

*Como captar financiamento europeo  
para a túa empresa*



Deseña a estratexia de acceso da túa empresa aos fondos europeos: preparación do perfil europeo, a formulación do proxecto, a busca de socios, a elaboración do contido narrativo e orzamentario, o proceso de presentación de propostas (II).

*Formador: Anxo Moreira*

*Data: 7 de novembro 2023*



# Elaboración do contido orzamentario

- Paso 1: identificar custos elexibles (Horizonte Europa, INTERREG, COSME, ERASMUS,...) e porcentaxes de financiamento.
- Paso 2: identificar formularios e/ou necesidades á hora de presentar o orzamento (on line/off line, aplicativos, excel, detallado ou non, anualidades,...).
- Paso 3: introducir os datos e a información.
- Paso 4: asegurar a coherencia co resto da parte narrativa da proposta.
- Paso 5: comprobar viabilidade.

# Elaboración do contido orzamentario

- Custos elexibles: personal
  - É a parte máis importante dos proxectos. Segundo o programa, poderemos incluír personal propio (HE, INTERREG,...) ou non (Custos totais vs. Custos adicionais).
  - É o principal ítem aportado para cofinanciar en programas que non financian ao 100% (INTERREG, LIFE,...).
  - Pode ser a base de cálculo para os custos indirectos (INTERREG).
  - Habitualmente, custo real, medido en custo/hora ou custo/día. Nalgúns casos, na parte narrativa, custo/mes (custo do person/month en HE). En ocasións, agrupado en custo/ano ou en total do proxecto.
  - Inclúese todo o custo, non só retribución bruta.
  - Nalgúns programas, custo unitario (por categoría, país,...).
  - Importante relacionalo coas tarefas descritas na memoria.

# Elaboración do contido orzamentario

- Custos elexibles: personal
  - Exemplos
    - HE: na proposta inclúense táboas de person/month por actividade (work package). Se temos un custo medio do person/month, só temos que multiplicar as dúas cantidades para ter o custo total de personal. Por exemplo, 50 person/month e 4.000 euros/mes darían 200.000 euros en personal.
    - POCTEP: identificación número e categoría de persoas, custo e porcentaxe de imputación. “Técnico superior de análise, 2.500 euros/mes, 20% adicación, 30 meses de proxecto, darían 15.000 euros”, e así cada un en cada actividade.
    - Custos unitarios: por categoría, ou, en HE, para propietarios de PEMEs sen nómina

# Elaboración do contido orzamentario

- Custos elexibles: outros custos directos
  - Nalgúns casos (HE), se non superan unha porcentaxe dos custos de personal non hai que detallalos.
  - Viaxes e gastos asociados: nalgúns casos, como “flat rate” (porcentaxe dos custos de personal). Noutros casos, tabulados por países ou zonas. Se é custo real, pode incluír tickets ou per diem. Olo se hai zonas non elexibles para viaxar, explicalo na memoria. Importante recoller as actividades descritas na memoria (viaxes de difusión/divulgación/explotación de resultados).
  - Funxibles: refírense a funxibles e materiais relacionados directamente coa execución do proxecto (reactivos e materiais de laboratorio, pezas pequenas,...). Os consumibles de oficina (tónor, bolígrafos,...) adoitan estar incluídos nos custos indirectos

# Elaboración do contido orzamentario

- Custos elexibles: outros custos directos
  - Inventariable e equipamento: non sempre é aceptable. Normalmente, é aceptable só a amortización (é dicir, o uso dentro do proxecto). En calquera caso, sempre é recomendable, se non obrigatorio, explicar a necesidade de mercado na parte narrativa.
  - Subcontratacións e servizos externos: poden estar limitados a unha porcentaxe do total. Ás veces, cómpre diferenciar entre servizos externos e subcontratación propiamente dita (tarefas do proxecto). Case sempre é preciso xustificalo na memoria. Case sempre exclúese do cálculo dos custos indirectos.
  - Custos internos: facturación, ou tarifas, entre departamentos. Non sempre elexibles (custo real!!)
  - Outros custos: expertos externos, conferenciantes, licencias de software, publicidade, gastos protocolarios... Ás veces poden non ser elexibles. En moitas ocasións, dentro doutra categoría (servizos externos)...

# Elaboración do contido orzamentario

- Custos elexibles: custos indirectos (overheads, gastos xerais, gastos de administración)
  - Case sempre como unha porcentaxe doutro tipo de custos.
  - Non é preciso xustificalos nin motivalos na memoria
  - Fórmulas habituais:
    - % (Custos directos - Subcontratacións): HE, 25%(CD-Subcontratacións)
    - % Custos de personal: POCTEP, 15% Gastos de personal





### 7.3. BP - Presupuesto detallado.

#### BP – ACTIVIDAD 1

BP/BE	Actividad	Categoría	Cantidad	Descripción	Coste	%	Total	
BP	A1	1. Personal						
BP	A1	1. Personal						
BP	A1	1. Personal						
BP	A1	1. Personal						
BP	A1	1. Personal					Total	
BP	A1	2. Indirecto	Calculado como 15% de personal					
BP	A1	3. Viajes	Calculado como 8% de personal					
BP	A1	4. Cat. 4						
BP	A1	4. Cat. 4						
BP	A1	4. Cat. 4					Total	
BP	A1	5. Cat. 5						
BP	A1	5. Cat. 5						
BP	A1	5. Cat. 5					Total	
BP	A1	6. Cat. 6						
BP	A1	6. Cat. 6						
BP	A1	6. Cat. 6					Total	
<b>BP</b>	<b>A1</b>						<b>Total</b>	

Tabla similar para el resto de actividades y beneficiarios

## 7.2. Tabla resumen de presupuesto por beneficiario

### a) BP - Nombre

Resumen de presupuesto total por categoría de gasto y actividad.

BP	A1	A2	A3	A4	A5	A6	Total
Categoría 1							
Categoría 2							
Categoría 3							
Categoría 4							
Categoría 5							
Categoría 6							
Total							

Resumen de presupuesto total por categoría de gasto y anualidad

BP	2021	2022	2023	2024	...	2029	Total
Categoría 1							
Categoría 2							
Categoría 3							
Categoría 4							
Categoría 5							
Categoría 6							
Total							

# Moitas grazas

[anxomoreira@uvigo.gal](mailto:anxomoreira@uvigo.gal)